

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

*ORDE do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento PR945C).*

As actuacións de fomento do deporte teñen na concesión de subvencións ás entidades deportivas unha das súas principais e máis eficaces manifestacións. Estas actuacións, realizadas conforme baremos públicos e obxectivos, véñense realizando nos últimos anos de forma que as entidades deportivas poidan acometer as actividades obxecto de subvención, da forma máis operativa e garantindo sempre a finalidade última de toda política de fomento deportivo na Comunidade Autónoma, que é o crecemento e o fortalecemento da actividade desenvolvida polos axentes deportivos de Galicia.

Segundo o disposto no artigo 39 do Decreto 165/2020, do 17 de setembro, polo que se regula o deporte de alto nivel, de alto rendemento e de rendemento deportivo de base de Galicia, enténdese por núcleo de adestramento deportivo especializado o conxunto de medios humanos e materiais xestionados por unha federación deportiva, club deportivo ou sociedade anónima deportiva inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia que teña por finalidade a preparación técnico-deportiva orientada ao alto nivel ou ao alto rendemento deportivo, e que serán recoñecidos mediante resolución expresa da persoa titular do órgano superior con competencias en materia de deporte da Administración xeral da Comunidade Autónoma, segundo o procedemento establecido nos artigos 41 e seguintes, tendo en conta o interese deportivo estratéxico para Galicia e consonte os requisitos establecidos nesta sección.

De conformidade cos parámetros de actuación establecidos na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, e segundo as atribucións que lle son conferidas polo Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes establece as presentes bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia, para o desenvolvemento de actividades deportivas.



Xunto coa experiencia acumulada nos anos anteriores, as presentes bases teñen en conta as previsións establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, especialmente no disposto en ambos os textos en relación coas bases reguladoras das subvencións.

No que respecta ás axudas ás sociedades anónimas deportivas para a realización das actividades que lles son propias e para o desenvolvemento da súa programación deportiva, quedan suxeitas ao réxime de axudas *de minimis*, polo cal non poderán exceder o límite cuantitativo de 300.000 € durante calquera período dos tres anos previos, establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión da Unión Europea, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023, serie L).

Esta orde dá cumprimento aos principios de publicidade, libre concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non-discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Esta convocatoria tramítase como anticipada de gasto, de acordo coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, e co establecido no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 17 de outubro de 2024, na cal se acordou a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación.

Na súa virtude, en uso das facultades que teño atribuídas polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Obxecto e financiamento*

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas cales se rexerá a convocatoria de subvencións da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, en réxime de concorrència competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións



deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas (código de procedemento PR945C).

2. Así mesmo, por medio desta orde, convócanse as devanditas subvencións para o ano 2025.

3. Para o financiamento desta convocatoria destínase, con cargo á anualidade 2025, crédito por un importe total de dous millóns de euros (2.000.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 05.02.441A.481.0, en función das seguintes liñas de actuación subvencionables:

Liñas de actuación	Aplicación	Importe
Liña I: desenvolvemento de actividades deportivas	05.02.441A.481.0 (modalidade 1010)	1.790.007 €
Liña II: núcleos de adestramento deportivo especializado	05.02.441A.481.0 (modalidade 1010)	209.993 €

Para a liña de actuación I establécese a contía de axuda máxima por entidade beneficiaria en 10.000 €.

Para a liña de actuación II establécese a contía de axuda máxima por entidade beneficiaria en 29.999 €.

No caso de que o crédito dunha das liñas de actuación non se esgote, a cantidade resultante incrementará o orzamento destinado á outra liña de actuación.

4. Este total poderase incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.



5. Esta convocatoria tramítase ao abeiro do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, e existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2025.

Así mesmo, estará sometida ao regulado na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

Ao abeiro desta normativa, o crédito previsto no número 3 deste artigo e, xa que logo, a concesión das subvencións, quedan os sometidos á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2025 para financiar as obrigas derivadas da convocatoria.

## Artigo 2. *Solicitudes*

Para poder ser entidade beneficiaria da subvención deberase presentar unha solicitude dirixida aos servizos provinciais de Deportes da provincia onde teñan o seu domicilio social, axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4 das bases reguladoras.

## Artigo 3. *Lugar e prazo de presentación de solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo finaliza o derradeiro día do mes.

#### Artigo 4. *Criterios de valoración e determinación do importe da subvención*

No caso da liña de actuación I, estes criterios compóñense de méritos deportivo-competitivos (certificados polas respectivas federacións galegas, e que son os recollidos no artigo 8.2 das bases reguladoras, letras A, B, C, D, E e F) e outros non deportivos achegados pola propia entidade nos anexos correspondentes (recollidos no artigo 8.2 das bases reguladoras, letras G, H, I e J). No que se refire exclusivamente aos méritos deportivos que se van avaliar, os criterios de valoración referiranse, en función da modalidade deportiva, aos méritos da tempada 2024 ou 2023/24.

No caso da liña de actuación II, atenderase aos recoñecementos vixentes de núcleos de adestramento deportivo ata o último día de presentación de solicitudes.

#### Artigo 5. *Xustificación da subvención*

As entidades que, tras a valoración das solicitudes, resulten finalmente beneficiarias deberán presentar o anexo VIII e a demais documentación xustificativa recollida no artigo 15 das bases; no caso da liña I, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da resolución coa listaxe definitiva das axudas concedidas, e no caso da liña II este prazo esténdese ata o 1 de decembro de 2025.

Prevese a realización de pagamentos anticipados nos termos previstos no artigo 14 das bases reguladoras.

Os gastos que se subvencionen con relación á liña de actuación I corresponderán ao período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano 2024, e deberá terse efectuado e pagado nese período.

Os gastos que se subvencionen con relación á liña de actuación II corresponderán ao período comprendido entre o 1 de decembro de 2024 e o 30 de novembro de 2025, e deberá terse efectuado e pagado nese período.



**Artigo 6. Recursos**

Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, poderanse interpor os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

**Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento***

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte para ditar, no ámbito das súas competencias, cantos actos e medidas sexan precisos para o desenvolvemento desta orde.

**Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor***

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2024

Diego Calvo Pouso  
Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

**ANEXO I**

**Bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializados de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas (código de procedemento PR945C)**

**Artigo 1. *Obxecto e réxime xurídico***

1.1. O obxecto destas bases é establecer o réxime das axudas a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas (liña I) e núcleos de adestramento deportivo especializados (liña II) de Galicia, para o desenvolvemento de actividades deportivas.



1.2. O réxime xurídico das subvencións contidas na presente norma está constituído pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, e as bases aprobadas pola presente orde. No que respecta ás sociedades anónimas deportivas, este réxime de axudas queda suxeito ao Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión da Unión Europea, do 13 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023, serie L).

1.3. As subvencións concedidas conforme as presentes bases outorgaranse polo procedemento de concorrencia competitiva, conforme o disposto no artigo 19.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## Artigo 2. *Persoas beneficiarias*

2.1. Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións os clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas, así como os núcleos de adestramento deportivo especializados xestionados por algunha das entidades anteriores, inscritos, en todos os casos, no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.

No caso dos núcleos de adestramento deportivo especializados, deberán estar recoñecidos na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

2.2. De igual forma, será necesario que a entidade solicitante estea correctamente inscrita na aplicación Actfis-Galicia Activa, <https://actfis.xunta.gal>, que sustenta o Rexistro de Instalacións Deportivas de Galicia, e que substitúe as anteriores plataformas de promoción de vida activa e saudable da Xunta de Galicia no primeiro semestre de 2025.

2.3. Requirirase tamén que a entidade teña aprobado o seu Protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes fronte a violencia no deporte e teña á persoa designada como delegada de protección correctamente inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia no primeiro semestre de 2025.

2.4. Non poderán obter a condición de persoas beneficiarias destas subvencións:

a) Os clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de Galicia nos cales concorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



b) Os clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas que fosen sancionados pola federación deportiva correspondente no ano anterior á convocatoria, cando a sanción teña a súa orixe en condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes provocadas polas persoas espectadoras e asistentes.

c) Os clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas que discriminen nos premios ou recoñecementos que outorguen as persoas deportistas por razón de xénero.

d) Os clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas que non teñan adaptados os seus estatutos á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, no momento da solicitude.

e) Os clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas que non teñan actualizados os datos da súa xunta directiva no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia no momento da solicitude.

### Artigo 3. *Actuacións subvencionables e compatibilidade*

3.1. Na liña de actuación I serán subvencionables os gastos derivados da participación en competicións de carácter oficial en 2024.

3.2. Na liña de actuación II serán subvencionables os gastos derivados da participación en competicións de carácter oficial e os gastos correntes do núcleo de adestramento deportivo especializado no período comprendido entre o 1 de decembro de 2024 e o 30 de novembro de 2025.

3.3. As subvencións concedidas ao abeiro destas bases poderán ser concorrentes con subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, incluídas as axudas ás sociedades anónimas suxeitas ao réxime *de minimis*, sen prexuízo da obriga de comunicarlle ao órgano concedente a súa obtención. O importe total das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o gasto realizado pola entidade beneficiaria. Esta circunstancia deberá ser acreditada pola entidade beneficiaria conforme o establecido no artigo 15 destas bases.

3.4. As axudas desta orde reguladas nas liñas I e II son compatibles entre si, polo que unha mesma entidade poderá optar a ambas.





#### Artigo 4. *Documentación complementaria*

4.1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a. Todas as solicitudes deberán presentar (obrigatorio):

– Declaración de adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte (anexo III).

– Poder de representación, no caso de que non sexa a persoa presidenta da entidade quen actúe como persoa representante na tramitación deste procedemento.

b. Liña de actuación I (non obrigatorio; achegar só no caso de querer achegar os seguintes méritos):

– Declaración de actuacións desenvolvidas a prol da igualdade de xénero e contra a violencia machista (anexo IV).

– Certificado acreditativo de que a presidencia, vicepresidencia, secretaría xeral ou tesoraría da entidade está ocupada por unha muller (anexo V).

– Certificación de participación na actividade «Coñece o meu club» no ano 2024 (programa Xogade) (anexo VI).

– Certificado acreditativo da localización da sede social da entidade (anexo VII).

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada a calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.



4.2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida e para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4.3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

#### Artigo 5. *Comprobación de datos*

5.1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) NIF da entidade representante.
- d) Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT.
- e) Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- f) Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Atriga.
- g) Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- h) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- i) Consulta de concesións pola regra *de minimis*.



5.2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos correspondentes.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

5.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

#### Artigo 6. *Órganos competentes e instrución do procedemento*

6.1. A persoa titular da Subdirección Xeral de Plans e Programas será o órgano instrutor do procedemento. A Secretaría Xeral para o Deporte será o órgano competente para formular a proposta de resolución, que elevará, conforme todo o actuado, á persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes será o órgano competente para resolver o procedemento para a concesión da subvención.

6.2. Unha vez recibidas as solicitudes e a documentación complementaria, serán analizadas polos servizos provinciais de deportes co obxecto de comprobar que están debidamente cubertas e suficientemente documentadas. Xunto con esta análise, comprobarase se o solicitante acredita o cumprimento dos requisitos establecido no artigo 2.

6.3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, o órgano responsable da tramitación requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixesen, se terán por desistidos da súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos previstos no artigo 21 da dita lei.

Este requirimento realizarase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e terá os efectos de notificación, consonte o artigo 45 da Lei 39/2015. Esta lista tamén será publicada nos taboleiros de anuncios da Secretaría Xeral para o Deporte e dos servizos provinciais de deportes, así como na páxina web <http://deporte.xunta.gal/>. Poderá tamén



requirirse o solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento, en calquera fase del.

Nesta publicación, e con efectos unicamente de publicidade, relacionaranse tamén as solicitudes admitidas que non están suxeitas a emenda e as inadmitidas.

6.4. No caso da liña de actuación I, presentadas as solicitudes, e ao mesmo tempo que se efectúa a súa revisión, o órgano instrutor remitiralle a cada federación deportiva galega unha lista coas solicitudes correspondentes a cada unha delas, para que o/a secretario/a da federación certifique, co visto e prace do/da presidente/a, os datos deportivos requiridos para a avaliación dos méritos deportivos a que se refire o artigo 8.1 e 8.2 destas bases. Estas certificacións remitiráselle ao órgano instrutor no prazo de dez (10) días.

6.5. No caso de solicitudes de entidades de modalidades deportivas recoñecidas das cales non exista unha federación deportiva galega, o órgano instrutor poderá solicitar a certificación destes datos á federación deportiva española correspondente. No caso de non existir unha federación deportiva española, solicitaráselle por esta orde de prelación á asociación galega de clubs ou á asociación española de clubs correspondente á modalidade deportiva indicada na solicitude.

6.6. Tras seren recibidas polo órgano instrutor as certificacións sinaladas no punto anterior, este publicaráas na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte (<http://deporte.xunta.gal/>) para os efectos de que as persoas interesadas poidan presentar alegacións aos datos contidos nas referidas certificacións, nun prazo improrrogable de cinco (5) días, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación. Unha vez rematado o prazo de alegacións, o órgano instrutor remitiralles ás correspondentes federacións as alegacións que puidesen afectar a puntuación dos méritos das entidades para, de ser o caso, modificar as certificacións emitidas en primeira instancia, nun prazo non superior a tres (3) días, contados desde a data de recepción da notificación.

#### Artigo 7. *Da Comisión de Valoración*

7.1. Unha vez recibidas polo órgano instrutor as certificacións definitivas sinaladas no punto anterior, este remitirallas, xunto coa documentación que cumpra as exixencias contidas nas presentes bases, á Comisión de Valoración encargada de aplicar os criterios de valoración para determinar o importe da subvención establecidos no artigo seguinte.



7.2. A Comisión estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte ou persoa en quen delegue. Actuarán como vogais as persoas titulares das xefaturas dos servizos provinciais de deportes e un/unha técnico/a deportivo/a da mesma secretaría xeral designado pola persoa presidenta da Comisión. Será secretario/a da Comisión a persoa titular da xefatura do Servizo de Fomento e Xestión Deportiva ou persoa que a substitúa.

7.3. Os expedientes que non cumpran as exigencias contidas nestas bases, na convocatoria ou na normativa de aplicación quedarán á disposición do órgano instrutor para os efectos de ditar a correspondente resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

7.4. En todo caso, non se admitirán a trámite e ditarase a resolución de inadmisión e efectuarase o arquivamento, sen posibilidade de emenda, as solicitudes que se presenten fóra do prazo establecido na convocatoria.

#### Artigo 8. *Criterios de valoración para determinar o importe da subvención*

8.1. Liña de actuación I: aspectos xerais para ter en conta á hora de valorar os méritos deportivos das entidades solicitantes, que serán certificados polas federacións:

a. En relación coa valoración do número de deportistas con licenza federativa, unicamente se valorarán as licenzas que habiliten para a participación en competicións oficiais e teñan validez para toda a tempada de competición. Non se terán en conta as licenzas expedidas para a participación en cursos de promoción ou para actividades puntuais que non constitúan a actividade deportiva habitual e preferente de cada modalidade deportiva, nin as de categoría de veteranos, grupos de idade ou similares.

b. Respecto á categoría absoluta, entenderase que é aquela categoría de idade en que se desenvolve a competición deportiva de máis alto nivel da modalidade.

c. Nalgún dos criterios a baremación diferencia entre entidades que participan en competicións cuxo formato principal é de tipo liga e entidades que participan en competicións cun formato principal de tipo concentrado ou probas puntuais:

– Competición principal por ligas: afectará as entidades das modalidades/especialidades deportivas onde a competición máis relevante se desenvolve, na categoría absoluta e na previa á absoluta, entre equipos formados por máis dun xogador que participan de



forma simultánea dándose entre eles situacións de cooperación, en diferentes encontros deportivos, en sistema de liga regular á cal se accede por clasificación, con ascensos e descensos de categoría e cun volume de desprazamentos frecuente.

Non poderán incluírse neste grupo as entidades de modalidades/especialidades deportivas en que na categoría absoluta non exista, polo menos, unha liga de ámbito supraautonómico.

– Competición principal por concentracións ou probas puntuais: afectará as entidades de modalidades/especialidades deportivas en que a competición máis relevante non se adecúa ao definido no epígrafe anterior.

d. A tempada deportiva que se vai valorar será a mesma para todas as entidades da mesma modalidade/especialidade deportiva (2024 ou 2023/24).

e. Considéranse competicións deportivas oficiais as cualificadas como tales polas respectivas federacións deportivas ou pola correspondente Administración deportiva dentro do seu ámbito competencial.

f. Non se valorarán os equipos das entidades que participen en ligas profesionais.

g. Os méritos deportivos-competitivos que deberá certificar a federación son os recollidos no artigo 8.2, letras A, B, C, D, E e F, cuxa puntuación se sumará aos outros méritos achegados polas propias entidades solicitantes, recollidos nas letras G, H, I e J do mesmo artigo.

8.2. Liña de actuación I: criterios de valoración.

A. Relevancia da actuación deportiva da entidade: ata 40 puntos.

Para determinar os grupos de puntuación atenderase aos seguintes criterios:

a) No caso dos clubs, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de competición principal por ligas, tanto no caso das ligas masculinas como nas femininas, para a adxudicación dos puntos atenderase, en cada caso, ao nivel da liga (1º = división de honra, 2º = división de prata ou equivalentes, etc.) en que participou na categoría absoluta e na categoría previa á absoluta (xuvenil/júnior), á participación da entidade en competicións europeas oficiais, ao número de ligas de diferente nivel existentes na modalidade/especialidade (división de honra, división de prata ou equivalentes, etc.), na categoría absoluta, e



na categoría previa á absoluta e ao número de licenzas da modalidade/especialidade en España.

As entidades que contén á vez con equipo masculino e feminino susceptible de puntuación por este criterio obterán a puntuación correspondente á suma obtida por cada un dos equipos, ata o límite máximo dos 40 puntos. Poderase valorar ata un equipo por cada categoría das indicadas anteriormente e xénero.

**Grupo 1: 40 puntos.**

Nivel de liga absoluta da entidade	1º	2º	3º	4º	5º
Nº de ligas da modalidade	>2	>2	>4	>7	>7
Nº de licenzas da modalidade	>15.000	>25.000	>50.000	>400.000	>500.000

**Grupo 2: 30 puntos.**

Nivel de liga absoluta da entidade	1º	2º	4º
Nº de ligas da modalidade	>2	>4	>6
Nº de licenzas da modalidade	>2.000	>15.000	>200.000

**Grupo 3: 20 puntos.**

Nivel de liga absoluta da entidade	2º	2º	3º
Nº de ligas da modalidade	>3	>2	>4
Nº de licenzas da modalidade	>5.000	>20.000	>15.000

**Grupo 4: 10 puntos.**

Nivel de liga absoluta da entidade	1º	3º	4º	5º	6º
Nº de ligas da modalidade	>1	>6	>4	>6	>7
Nº de licenzas da modalidade	>10.000	>5.000	>10.000	>200.000	>500.000

**Grupo 5: 5 puntos.**

Nivel de liga absoluta da entidade	1º	2º	3º	4º	5º
Nº de ligas da modalidade	>1	>2	>3	>6	>6
Nº de licenzas da modalidade	>1.000	>10.000	>5.000	>5.000	>150.000

**Grupo 6: 2 puntos.**

Nivel de liga absoluta da entidade	2º	3º
Nº de ligas da modalidade	>2	>2
Nº de licenzas da modalidade	>1.000	>1.000



Debido ás especiais características do deporte practicado por persoas con algunha discapacidade, nestes casos as entidades que participen na liga nacional do máximo nivel obterán a puntuación do grupo 1, as que participen na liga nacional do segundo máximo nivel obterán a puntuación do grupo 2 e as que participen na liga nacional do terceiro máximo nivel obterán a puntuación do grupo 3.

As entidades con participación en competicións europeas oficiais obterán a puntuación do grupo 1.

As entidades que contan con equipos de categoría previa á absoluta puntuán do seguinte xeito:

– Clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de modalidade deportiva con máis de 500.000 licenzas en España, con equipo en categoría previa á absoluta participante na liga do máximo nivel da dita categoría: acadará a puntuación do grupo 3 (20 puntos). No caso de obter unha puntuación igual ou maior por un equipo en categoría absoluta, obterán a puntuación seguinte á correspondente á da obtida polo dito equipo, co tope máximo dos 40 puntos do grupo 1.

– Clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de modalidade deportiva con máis de 500.000 licenzas en España, con equipo en categoría previa á absoluta participante na liga do segundo máximo nivel da dita categoría: acadará a puntuación do grupo 4 (10 puntos). No caso de obter unha puntuación igual ou maior por un equipo en categoría absoluta, obterán a puntuación seguinte á correspondente á da obtida polo dito equipo, co tope máximo dos 40 puntos do grupo 1.

– Clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de modalidade deportiva con máis de 200.000 licenzas en España, con equipo en categoría previa á absoluta participante na liga do máximo nivel da dita categoría, acadará a puntuación do grupo 4 (10 puntos). No caso de obter unha puntuación igual ou maior por un equipo en categoría absoluta, obterá a puntuación seguinte á correspondente á da obtida polo dito equipo, co tope máximo dos 40 puntos do grupo 1.

b) No caso dos clubs, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de competición principal por concentracións ou probas puntuais, para a adxudicación dos puntos atenderase ao número de podios acadados polos deportistas da entidade na clasificación





final dos campionatos de España oficiais das diferentes modalidades/especialidades deportivas de categoría absoluta.

Grupo 1: 40 puntos: 8 e máis podios.

Grupo 2: 35 puntos: 7 podios.

Grupo 3: 30 puntos: 6 podios.

Grupo 4: 25 puntos: 5 podios.

Grupo 5: 20 puntos: 4 podios.

Grupo 6: 15 puntos: 3 podios.

Grupo 7: 10 puntos: 2 podios.

Grupo 8: 5 puntos: 1 podio.

No caso de modalidades/especialidades en que para unha mesma proba en concreto se realicen varios campionatos de España en función do nivel dos/das participantes (1ª categoría/división, 2ª categoría/división ou similar, etc.), só se terá en conta o de máis alto nivel.

Respecto da aplicación obxectiva do baremo da anterior alínea b), realízanse dúas atencións singulares:

– Atletismo: esta modalidade ten, á marxe das competicións oficiais de tipo concentrado, outra competición de características similares ás definidas nestas bases para as competicións tipo liga, que é de gran relevancia nesta modalidade deportiva e na cal participan as mellores entidades deportivas de España. Así, as entidades deportivas que, ademais de participar en competicións de tipo concentrado, tamén participasen na liga do 1º nivel de ámbito nacional, obterán a puntuación do grupo 1, e as que participasen na liga do 2º nivel de ámbito nacional obterán a puntuación do grupo 3, salvo no caso de que obtivesen unha puntuación superior por podios nos campionatos de España de categoría absoluta. No caso de que unha entidade teña equipos nas dúas ligas, obterá a puntuación do grupo superior.

– Remo: esta modalidade ten, á marxe das competicións oficiais de tipo concentrado, outra competición de características similares ás definidas nestas bases para as competi-



cións tipo liga, que é de gran relevancia nesta modalidade deportiva e na cal participan as mellores entidades deportivas de España. Así, as entidades deportivas que, ademais de participaren en competicións de tipo concentrado, tamén participasen na liga do máximo nivel de ámbito nacional puntuaranse no grupo 1 no caso de que a competición tivese 12 ou máis xornadas, e no grupo 3 se tivese menos, salvo no caso de que obtivesen unha puntuación superior por podios nos campionatos de España de categoría absoluta. No caso de que unha entidade tivese equipos nas dúas ligas, obterá a puntuación do grupo superior. Nesta mesma modalidade, a participación nas ligas de ámbito autonómico suporá obter a puntuación do grupo 8, e poderán puntuar tanto polo equipo masculino como polo feminino ou por ambos, puntuación que se poderá sumar aos posibles puntos obtidos polos podios indicados ao inicio desta alínea b), e ata o máximo de 40 puntos establecido para este criterio.

B. Número de deportistas da entidade con licenza federativa nas categorías previas á absoluta, na absoluta e femininas, así como número de licenzas de adestradores da entidade tramitadas: ata 45 puntos.

– Categorías previas á absoluta: ata 18 puntos.

Grupo 1: 18 puntos: 170 e máis deportistas.

Grupo 2: 15 puntos: 100 a 169 deportistas.

Grupo 3: 10 puntos: 50 a 99 deportistas.

Grupo 4: 5 puntos: 20 a 49 deportistas.

Grupo 5: 2 puntos: 10 a 19 deportistas.

– Categoría absoluta: ata 5 puntos.

Grupo 1: 5 puntos: 80 e máis deportistas.

Grupo 2: 4 puntos: 60 a 79 deportistas.

Grupo 3: 3 puntos: 40 a 59 deportistas.

Grupo 4: 2 puntos: 20 a 39 deportistas.

Grupo 5: 1 punto: 10 a 19 deportistas.



– Femininas: ata 18 puntos.

Grupo 1: 18 puntos: 170 e máis deportistas.

Grupo 2: 15 puntos: 100 a 169 deportistas.

Grupo 3: 10 puntos: 50 a 99 deportistas.

Grupo 4: 5 puntos: 20 a 49 deportistas.

Grupo 5: 2 puntos: 10 a 19 deportistas.

– Adestradores/as: ata 4 puntos.

Grupo 1: 4 puntos: 11 e máis adestradores/as.

Grupo 2: 3 puntos: 6 a 10 adestradores/as.

Grupo 3: 2 puntos: 3 a 5 adestradores/as.

Grupo 4: 1 punto: 1 a 2 adestradores/as.

C. Número de equipos da entidade participantes nas ligas A dos deportes colectivos da campaña de deporte escolar da Secretaría Xeral para o Deporte nas especialidades de fútbol sala, voleibol, balonmán e baloncesto: ata 12 puntos.

Grupo 1: 12 puntos: 4 equipos ou máis.

Grupo 2: 10 puntos: 3 equipos.

Grupo 3: 7 puntos: 2 equipos.

Grupo 4: 4 puntos: 1 equipo.

D. Participación nas principais competicións oficiais de ámbito nacional: ata 10 puntos.

Dada a maior relevancia deportiva dos deportes olímpicos/paralímpicos, valoraranse de forma diferenciada as entidades que, nas principais competicións oficiais de ámbito nacional, participasen, nalgún caso, en probas de tipo olímpico/paralímpico.



Igualmente, valoraranse de forma diferenciada, dadas as súas especiais necesidades lóxicas, as entidades dos deportes náuticos olímpicos/paralímpicos de piragüismo, remo e vela, e que tamén nas principais competicións oficiais de ámbito nacional participasen, nalgún caso, en probas de tipo olímpico/paralímpico.

Así, establécense os seguintes grupos de puntuación, en función do número de deportistas da entidade participantes nas principais competicións oficiais de ámbito nacional:

– En probas deportivas de tipo olímpico/paralímpico das modalidades/especialidades náuticas olímpicas/paralímpicas de piragüismo, remo e vela.

Grupo 1: 10 puntos: 50 e máis deportistas.

Grupo 2: 8 puntos: 30 a 49 deportistas.

Grupo 3: 6 puntos: 20 a 29 deportistas.

Grupo 4: 4 puntos: 10 a 19 deportistas.

Grupo 5: 2 puntos: 4 a 9 deportistas.

– Resto de probas deportivas de tipo olímpico/paralímpico.

Grupo 1: 10 puntos: 60 e máis deportistas.

Grupo 2: 8 puntos: 40 a 59 deportistas.

Grupo 3: 6 puntos: 20 a 39 deportistas.

Grupo 4: 4 puntos: 15 a 19 deportistas.

Grupo 5: 2 puntos: 11 a 14 deportistas.

– En probas de tipo non olímpico/paralímpico.

Grupo 1: 10 puntos: 70 e máis deportistas.

Grupo 2: 8 puntos: 60 a 69 deportistas.

Grupo 3: 6 puntos: 40 a 59 deportistas.



Grupo 4: 4 puntos: 20 a 39 deportistas.

Grupo 5: 2 puntos: 15 a 19 deportistas.

a) No caso dos clubs, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de competición principal por ligas, para a adxudicación dos puntos atenderase ao número de equipos e deportistas da entidade que participasen en ligas de categoría nacional de ámbito supraautonómico de categoría absoluta e ao número de equipos e deportistas que participasen na fase final do Campionato de España de clubs en calquera das categorías previas á absoluta.

b) No caso dos clubs, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas de competición principal por concentracións ou probas puntuais, para a adxudicación dos puntos atenderase ao número de deportistas da entidade participantes en calquera das dúas competicións deportivas oficiais de ámbito nacional máis relevantes por especialidade, das cales unha será obrigatoriamente a fase final do Campionato de España e a outra pode ser a Copa do Rei/Raíña ou a Copa de España, ou, na súa falta, outra similar en canto ao nivel deportivo, en categoría absoluta e/ou inferiores.

E. Número de deportistas da entidade na categoría absoluta e/ou inferiores que participasen coa selección española correspondente en competicións oficiais de ámbito internacional: ata 5 puntos.

Grupo 1: 5 puntos: 9 e máis deportistas.

Grupo 2: 4 puntos: 7 a 8 deportistas.

Grupo 3: 3 puntos: 5 a 6 deportistas.

Grupo 4: 2 puntos: 3 a 4 deportistas.

Grupo 5: 1 punto: 1 a 2 deportistas.

F. Por encontros/xornadas disputados con motivo da participación, en categoría absoluta, en fases de ascenso a ligas regulares de categoría nacional de ámbito supraautonómico: ata 20 puntos.

Grupo 1: 20 puntos: 3 ou máis encontros/xornadas.



Grupo 2: 15 puntos: 2 encontros/xornadas.

Grupo 3: 10 puntos: 1 encontro/xornada.

G. Por actuacións en prol da igualdade efectiva de homes e mulleres no deporte, así como contra a violencia machista, segundo o disposto no anexo IV: ata 3 puntos.

Grupo 1: 3 puntos: 3 ou máis actuacións.

Grupo 2: 2 puntos: 2 actuacións.

Grupo 3: 1 punto: 1 actuación.

H. No caso de que sexa unha muller quen ocupe a presidencia, vicepresidencia, secretaría xeral ou tesouraría da entidade: 1 punto.

Este cargo deberá ser ocupado con anterioridade á data de publicación da convocatoria de subvencións e permanecer nel no momento de presentación da solicitude.

I. Pola participación da entidade na actividade denominada «Coñece o meu club», integrada dentro do programa Xogade do ano anterior á convocatoria: 1 punto.

J. Entidades cuxa sede social non se encontre nunha instalación ou edificio de titularidade pública ou, estando localizada nelas, devindiquen un canon ou prestación económica pola súa ocupación: 1 punto.

#### Artigo 9. *Contía da subvención*

##### 9.1. Liña de actuación I.

a. O importe das subvencións será o resultado aritmético de aplicar á puntuación acadada unha regra de tres simple baseada en asignar á puntuación máxima que se pode obter (138 puntos) o importe máximo que se pode conceder (10.000 €).

De conformidade co establecido no artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ratearase proporcionalmente os importes inicialmente adxudicados ás distintas solicitudes, en aplicación do disposto no parágrafo anterior, no caso de que o crédito dispoñible resulte insuficiente para atendelas, coa finalidade de garantir un importe mínimo de 500 € ás entidades que obtivesen a puntuación mínima para ser beneficiaria, así



como a aquelas outras que se atopen nos supostos excepcionais da letra d) deste artigo e non alcancen a puntuación mínima de 7 puntos.

b. No caso dos clubs, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas con participación en competicións oficiais de máis dunha federación, a puntuación final será o resultado da suma de puntos acadado en cada caso, e a contía definitiva que lle corresponda non superará, en ningún caso, os 10.000 €. O mesmo sucederá no caso de entidades que, dentro dunha mesma federación, participen en especialidades que requiran unha valoración diferenciada para cada unha delas.

c. De ser o caso, para determinar o importe das subvencións outorgadas ás sociedades anónimas deportivas, teranse en conta as axudas suxeitas ao réxime *de minimis* recibidas durante os tres anos previos.

d. Todas as entidades que non obteñan unha puntuación mínima de 7 puntos non acadarán a condición de beneficiarias, excepto as entidades participantes nas competicións deportivas oficiais dirixidas a persoas con algunha discapacidade, para as cales se establece unha puntuación mínima de 5 puntos, e as entidades de nova creación e inscritas no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación no DOG desta convocatoria, para as cales non se establece unha puntuación mínima.

## 9.2. Liña de actuación II.

a. O importe máximo da subvención corresponderá a 29.999 € por entidade beneficiaria. Efectuarase a distribución proporcional do crédito asignado á liña II entre o número de solicitudes presentadas que teñan a condición de entidade beneficiaria, co límite indicado.

b. Atenderase aos recoñecementos vixentes de núcleos de adestramento deportivo na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

## Artigo 10. *Resolución*

10.1. Unha vez que o órgano instrutor analice as solicitudes, elevará o informe da Comisión á persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte. quen formulará a proposta motivada de resolución.

10.2. En virtude do artigo 3.5 da Orde de 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería, polo que



se delega na persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, dentro do seu respectivo ámbito funcional, a concesión ou a denegación das subvencións convocadas con cargo aos créditos orzamentarios da consellería, a resolución dos expedientes de axudas correspóndelle á persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte, que deberá resolver no prazo de quince días desde a data de elevación da proposta.

10.3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución non poderá exceder os cinco meses, contados desde o día seguinte á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as solicitudes poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

10.4. De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a notificación levarase a cabo mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte, con indicación neste caso da data da convocatoria, da persoa beneficiaria, da cantidade concedida e da finalidade da subvención outorgada. Así mesmo, relacionaranse as solicitudes desestimadas e inadmitidas, con expresión dos motivos da desestimación e inadmisión.

10.5. No caso das sociedades anónimas deportivas, e con base no establecido no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión da Unión Europea, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 15 de decembro de 2023, serie L), informárase por escrito á posible entidade beneficiaria sobre o importe da axuda (expresado en equivalente bruto de subvención) e sobre o seu carácter *de minimis*, facendo referencia expresa ao regulamento citado.

10.6. A resolución publicarase nos termos previstos no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 17.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno, con expresión da persoa beneficiaria, finalidade, contía e aplicación orzamentaria.

#### Artigo 11. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas que se diten ao abeiro da correspondente orde de convocatoria porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor ben o recurso potestativo de reposición, ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado





a partir da notificación da resolución, se esta for expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ben directamente o recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a súa notificación, se esta for expresa, ou de seis meses a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

No caso de interpor o recurso de reposición, non se poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do dito recurso.

#### Artigo 12. *Modificación da resolución*

De acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión a alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión e, en todo caso, a obtención de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

#### Artigo 13. *Aceptación e renuncia*

Unha vez notificada a resolución definitiva, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produciise manifestación expresa se entenderá tacitamente aceptada. A renuncia á subvención será expresa e poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que se comunique a renuncia en prazo, o titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes ditará a correspondente resolución, nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

#### Artigo 14. *Pagamento*

1. No caso da liña I, realizarase o pagamento do 80 % da contía da subvención concedida en concepto de pagamento anticipado.

No caso da liña II realizarase o pagamento do 80 % da contía da subvención concedida en concepto de pagamento anticipado cando esta non supere os 18.000 €. No caso das subvencións que superen a citada contía, realizarase o pagamento do 80 % da contía da subvención concedida en concepto de pagamento anticipado correspondente aos primei-



ros 18.000 €, e incrementarase cun 10 % adicional sobre o importe que exceda a citada contía.

Os anticipos faranse efectivos unha vez resolta a solicitude da subvención. A renuncia ao anticipo efectuarase de forma expresa no momento da solicitude e ou, en calquera caso, antes da notificación da resolución.

Conforme o artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para a concesión dos pagamentos anticipados non se exixirá a presentación de garantías por parte das entidades beneficiarias das subvencións.

2. O pagamento do 20% restante, ou da totalidade da subvención no caso de renuncia ao anticipo, efectuarase unha vez recibida a documentación xustificativa da subvención recollida no artigo 15. Os órganos competentes da Secretaría Xeral para o Deporte, antes de efectuar o pagamento, realizarán as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

O libramento da subvención aboarase mediante transferencia bancaria ao número de conta designado polo beneficiario na súa solicitude de subvención, na cal debe figurar como titular a entidade beneficiaria da axuda.

As subvencións minoraranse ata o investimento xustificado, cando este sexa inferior á subvención concedida.

#### Artigo 15. *Xustificación da subvención*

15.1. A solicitude do aboamento restante da subvención concedida (anexo VIII) deberá presentarse electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia; para a liña de actuación I, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da resolución coa listaxe definitiva das axudas concedidas, e para a liña de actuación II, ata o 1 de decembro de 2025. Deberá ir acompañada, en ambos os dous casos, da seguinte documentación xustificativa:

a) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de subvención efectuadas ou concedidas para a mesma finalidade ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados, actualizada na data da xustificación (anexo IX).



b) De conformidade co disposto no artigo 51 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias presentarán unha conta xustificativa simplificada, que conterá a seguinte documentación:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos (anexo X).

2. Relación clasificada dos gastos efectuados e pagados por un importe equivalente, polo menos, ao da subvención concedida. Esta relación deberá conter a identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento (anexo XI).

Os gastos referiranse aos seguintes conceptos:

a) Licenzas federativas aboadas.

b) Seguros deportivos aboados e outros seguros contratados, relacionados coa actividade deportiva, que non fosen obxecto doutras axudas, subvencións ou achegas desta ou doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

c) Inscricións en competicións oficiais aboadas e outros gastos propios do calendario que asumirá o club por normativa de competición.

d) Gastos de arbitrxes.

e) Gastos de adestradores/as.

f) Gastos relacionados co transporte e medios de transporte utilizados para asistir a adestramentos e competicións.

g) Gastos de manutención e aloxamento para asistir ao calendario de competicións.

h) Material deportivo non inventariable (balóns, equipamentos/roupa de xogo/adestramento, etc.).

i) Produtos básicos de farmacia/caixa de urxencias.



j) Gastos de ambulancias no desenvolvemento de eventos deportivos.

k) Alugamento de instalacións deportivas para o desenvolvemento de adestramentos ou competicións.

l) Gastos derivados da contratación de persoal, incluídos salario, cotas da Seguridade Social e as retencións do IRPF efectuadas. En canto ás relacións de responsabilidade que deriven dese carácter contractual entre a entidade beneficiaria e o persoal contratado, serán de única e exclusiva responsabilidade da entidade beneficiaria.

m) Gastos derivados da adquisición de máscaras, luvas, xeles hidroalcohólicos e outros produtos de limpeza e desinfección, da realización de test ou de medidas de seguridade e prevención da COVID-19, como a marcaxe de zonas, a identificación de asentos ou sinalizacións.

n) Gatos por servizos de profesionais de apoio ao rendemento (médico/a, fisioterapeuta, nutricionista, psicólogo/a,...).

ñ) Só para o caso da liña II, ademais de todo o anterior, gastos correntes do núcleo de adestramento deportivo especializado.

15.2. No caso da liña II, as actuacións posteriores á publicación da convocatoria de axudas deberán contar con:

– Solicitud de tres ofertas, de conformidade co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso da contratación de servizos e subministracións por valor superior a 14.999 €.

– Que a elección entre as ofertas recaeu na proposta económica máis vantaxosa.

15.3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, o órgano responsable da tramitación requirirá as persoas interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixesen, se terán por desistidos da súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos previstos no artigo 21 da dita lei.



15.4. O órgano concedente comprobará, mediante a aplicación de técnicas de mostra-xe, un número de expedientes significativo, coa finalidade de obter a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención, para o cal poderá requirirle á entidade beneficiaria a remisión da totalidade dos documentos xustificativos e, en todo caso, requiriralle a totalidade dos ditos documentos cando das comprobacións realizadas non se acade a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da subvención. Para estes efectos, e consonte o artigo 42.3 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no caso de importes inferiores a 1.000 €, a documentación acreditativa do gasto e do pagamento poderá consistir no correspondente xustificante de recepción do provedor.

15.5. A Secretaría Xeral para o Deporte poderá solicitar as aclaracións ou informes dos medios de xustificación que considere oportunos.

#### Artigo 16. *Obrigas das persoas beneficiarias*

As entidades que resulten beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro desta orde estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e especificamente a:

a) Incluír o logotipo da Xunta de Galicia, dispoñible para os efectos na páxina web <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/marca-principal>, nos medios de comunicación da entidade. Así mesmo, os clubs que compitan a nivel estatal deberán incluír no vestiario deportivo oficial o citado logotipo.

b) Colaborar nas actividades programadas pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, e especialmente mediante a participación dos xogadores, adestradores e equipo técnico nas actividades, cursos, conferencias ou encontros dirixidos a deportistas de base e á Comunidade educativa, agás nos casos de coincidencia de datas con campionatos oficiais estatais ou internacionais, ou ben que a súa participación poida interferir de forma negativa na súa programación de adestramentos cara a unha proba concreta.

c) Facilitar a incorporación dos deportistas nas convocatorias das seleccións galegas para participar en torneos ou campionatos oficiais ou amigables, agás nos casos de coincidencia de datas con campionatos oficiais estatais ou internacionais, ou ben que a súa participación poida interferir de forma negativa na súa programación de adestramentos cara a unha proba concreta.



d) Conservar, nos seguintes catro anos, os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

e) Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

f) Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro das actividades subvencionadas por parte da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas.

g) Efectuar o reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 17 das presentes bases.

h) A adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte (anexo III).

#### Artigo 17. *Perda de dereito e reintegro da axuda*

17.1. Procederá o reintegro ou perda de dereito, total ou parcial, das cantidades pendentes de percibir ou percibidas e a exixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da axuda ata a data en que se acorde a procedencia da perda de dereito ou do reintegro, segundo o disposto no artigo 31 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para iso ou ocultando aquelas que o impidan.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención.

c) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e, de ser o caso, nas normas reguladoras da subvención.

d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro previstas nos artigos 11 e 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso



derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatal, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

e) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

17.2. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro parcial no suposto de non comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención, o que suporá a perda dun 5 % do importe da subvención concedida. Esta porcentaxe do 5 % aplicarase unha vez descontado o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.

17.3. Para facer efectiva a perda de dereito ou reintegro a que se refiren os puntos anteriores, tramitarase o oportuno procedemento, que se axustará ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

17.4. De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, con anterioridade ao requirimento previo da Administración as persoas beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82-2080-0300-87-3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de mora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A persoa beneficiaria deberá presentar, ante o órgano concedente, copia xustificativa da devolución voluntaria realizada en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

#### Artigo 18. *Réxime de infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



**Artigo 19. Control**

As subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, dos servizos da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

**Artigo 20. Notificacións**

20.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, salvo naqueles casos en que nas presentes bases se indican que serán efectuadas a través da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Nestes casos e de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a notificación levarase a cabo mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte.

20.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

20.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento por parte das persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.





20.4. As notificacións entenderanse realizadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, e rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

20.5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 21. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 22. *Remisión normativa*

En todo o non previsto nestas bases rexerá a normativa xeral en materia de subvencións, constituída pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da norma anteriormente citada, así como polos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, conxunto normativo en que se establecen os requisitos xerais das subvencións concedidas pola Administración autonómica, tendo en conta, en todo caso, os principios de publicidade, obxectividade e concorrencia.

#### Artigo 23. *Información ás persoas interesadas*

23.1. De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas da existencia do Rexistro Público de Subvencións e, xunto cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos dos previstos no Regulamento (UE) nº 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPDP), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

23.2. Por outra banda, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitiranse á Base de datos



nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 24. *Transparencia e bo goberno*

24.1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

24.2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrarlle á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

CVE-DOG: 5qwucke3-5rq5-zuv9-uqe1-cmxtidbv7y2e4





**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO II

<b>PROCEDEMENTO</b> SUBVENCIÓNS A CLUBS, SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS, SECCIÓNS DEPORTIVAS E NÚCLEOS DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS	<b>CÓDIGO DE PROCEDEMENTO</b> <b>PR945C</b>	<b>DOCUMENTO</b> SOLICITUDE
---	--	--------------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

RAZÓN SOCIAL

**ENDEREZO**

PAÍS

TIPO  NOME DA VÍA  NÚM.  BLOQ.  ANDAR  PORTA

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

**CONTACTO**

PREFIXO  TELÉFONO 1  PREFIXO  TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

Nº NO REGISTRO DE ENTIDADES DEPORTIVAS DE GALICIA

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO

CARGO/MINCULACIÓN COA ENTIDADE

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO  TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

CVE-DOG: 5qwucke3-5rq5-zuv9-uqe1-cmxtidbv7y2e4



**XUNTA DE GALICIA**

**DATOS BANCARIOS** Formato IBAN Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

	IBAN						
--	------	--	--	--	--	--	--

**LÍÑA DE ACTUACIÓN SOLICITADA**

- LÍÑA DE ACTUACIÓN I: desenvolvemento de actividades deportivas (clubs, sociedades anónimas deportivas e seccións deportivas)
- LÍÑA DE ACTUACIÓN II: núcleos de adestramento deportivo especializado

**XUNTA DIRECTIVA DA ENTIDADE (deberá estar actualizada no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia no momento da solicitude)**

NOME	PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF	CARGO	TELÉFONO



**LIÑA DE ACTUACIÓN I: COMPETICIÓNS EN QUE PARTICIPOU A ENTIDADE (tempada 2024 ou 2023/24)**

Indíquese federación vinculada ás competicións en que participou (nalgunhas federacións figura entre paréntese as especialidades para elixir):


**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas por gastos efectuados e pagados en 2024 (liña I), ou parcial 2024/2025 (liña II) con motivo das actividades deportivas desenvolvidas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

 2. Que, en relación con calquera axuda *de minimis* (sociedades anónimas deportivas), referidas aos tres anos previos:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

 Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
7. Que a entidade que represento reúne todos os requisitos da convocatoria e bases reguladoras, e acepta o seu contido.
8. Que a entidade ten actualizados ou presentada a solicitude de actualización de todos os datos e actos de obrigada inscrición no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia.
9. Que a entidade non discrimina nos premios ou recoñecementos que outorga as persoas deportistas (de darse o caso) por razón de xénero.
10. Que a entidade non foi sancionada pola federación deportiva correspondente no ano anterior á convocatoria por condutas violentas, racistas, xenófobas ou intolerantes provocadas polas persoas espectadoras e asistentes.



**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

<input type="checkbox"/> Declaración de adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte (anexo III) –obrigatorio–.			
	<b>ÓRGANO</b>	<b>CÓD. DE PROC.</b>	<b>ANO</b>
<input type="checkbox"/> Poder de representación, no caso de que non sexa a persoa presidenta da entidade quen actúe como persoa representante na tramitación deste procedemento.			
Liña I:			
<input type="checkbox"/> Declaración de actuacións desenvolvidas a prol da igualdade de xénero e contra a violencia machista (anexo IV).			
<input type="checkbox"/> Certificación de muller en cargo de presidenta, vicepresidenta, secretaria xeral ou tesoureira da entidade (anexo V).			
<input type="checkbox"/> Certificación de participación na actividade Coñece o meu club 2024 (programa Xogade) (anexo VI).			
<input type="checkbox"/> Certificación acreditativa da localización da sede social da entidade (anexo VII).			

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

<b>Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.</b>	<b>OPÓÑOME Á CONSULTA</b>
DN/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa Atriga	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións pola regra de mínimos	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b>	
<b>A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.</b>	<b>AUTORIZO A CONSULTA</b>
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Si <input type="radio"/> Non



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para tramitar e resolver os seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a clubs deportivos, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializado de Galicia para o desenvolvemento de actividades deportivas, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento PR945C).

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de Departamento Territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes 

**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO III

**DECLARACIÓN DE ADHESIÓN AO MANIFESTO POLA IGUALDADE NO DEPORTE****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE****IDENTIFICACIÓN**

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

RAZÓN SOCIAL

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)****IDENTIFICACIÓN**

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

CARGO/MINCULACIÓN COA ENTIDADE

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

Que é intención da entidade a que represento adherirse ao manifesto pola igualdade no deporte, asinado entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral da Igualdade, e desenvolver actuacións encamiñadas a:

- Incluir nas políticas de xestión da entidade o principio democrático de igualdade de xénero, para garantir unha participación en que mulleres e homes desempeñen a súas funcións en igualdade de condicións.
- Fomentar as relacións igualitarias desde un ambiente de colaboración e participación entre ambos os sexos, promovendo, nunha convivencia plural, a concordancia de xénero, buscando a equidade e respectando as diferenzas.
- Difundir o emprego de linguaxe non sexista nin discriminatoria no seo das relacións entre as persoas vinculadas á entidade.
- Garantir o acceso en termos de igualdade e non discriminación aos colectivos directamente implicados na nosa actividade deportiva (persoas adestradoras, deportistas, etc.).
- Substitución da violencia polo diálogo na resolución de conflitos entre nenos e nenas.
- Promover a educación de nenos e nenas a través da práctica de actividade física e o deporte como base para acadar un desenvolvemento social baseado na igualdade.
- Garantir o principio de igualdade de oportunidades para permitirlles ás mulleres acadar o seu potencial de actuación deportiva, e que se teñan en conta as necesidades específicas deste colectivo.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

de

de





**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO IV

**DECLARACIÓN DE ACTUACIÓNS DESENVOLVIDAS A PROL DA IGUALDADE DE XÉNERO E CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE****IDENTIFICACIÓN**

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

RAZÓN SOCIAL

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)****IDENTIFICACIÓN**

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

CARGO/MNCULACIÓN COA ENTIDADE

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

Que entre o ano anterior á presente convocatoria de subvencións e o momento de presentar a documentación xustificativa, a entidade que represento desenvolveu ou pretende desenvolver unha ou varias das seguintes actuacións en prol da igualdade efectiva de homes e mulleres no deporte, así como contra a violencia machista:

- Inclusión no equipamento de xogo ou adestramento do logotipo en prol da igualdade efectiva de homes e mulleres no deporte, así como contra a violencia machista.
- Uso do logotipo/cartel contra a violencia machista e/ou a prol da igualdade de xénero nas instalacións da entidade.
- Uso do logotipo/cartel contra a violencia machista e/ou a prol da igualdade de xénero nos medios de comunicación da entidade (web, cartelaría, redes sociais, outros similares).
- Charla, conferencia, curso, xornada ou similar dirixida aos distintos axentes do tecido deportivo galego -deportistas, árbitros, afeccionados, persoal técnico, pais/nais- en que se aborde a temática da igualdade e/ou a violencia de xénero.
- Campaña de promoción con medidas concretas orientadas ao incremento da participación feminina no ámbito do deporte.
- Actuacións encamiñadas a favorecer ou mellorar as condicións laborais ou de profesionalización das mulleres que forman parte da entidade en calquera das súas áreas ou departamentos.

Declaro, así mesmo, que a entidade dispón/disporá da correspondente documentación probatoria do desenvolvemento das actuacións sinaladas, para ser achegada no caso de serlle requirida.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,

de

de



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO V

**CERTIFICADO ACREDITATIVO DE MULLER EN CARGO DE PRESIDENTA, VICEPRESIDENTA, SECRETARIA XERAL OU TESOUREIRA****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE****IDENTIFICACIÓN**TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR RAZÓN SOCIAL **NOME (presidente/a ou secretario/a da entidade)****IDENTIFICACIÓN**TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO EN CALIDADE DE **CERTIFICA QUE****IDENTIFICACIÓN**TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO 

ocupa, con anterioridade á data de publicación da convocatoria de subvencións, o cargo que se indica, e permanece nel no momento de presentación da solicitude:

- presidenta  
 vicepresidenta  
 secretaria xeral  
 tesoureira

**SINATURA**Lugar e data  ,  de  de 

**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO VI

**CERTIFICADO ACREDITATIVO DA PARTICIPACIÓN DA ENTIDADE NA ACTIVIDADE COÑECE O MEU CLUB DO PROGRAMA XOGADE (ANO 2024)****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

DATOS DO CENTRO EDUCATIVO

NIF

**DATOS DA PERSOA SECRETARIA DO CENTRO**

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

**CERTIFICA:**

Que a seguinte entidade deportiva desenvolveu neste centro educativo no ano 2024 a actividade Coñece o meu club, integrada no programa Xogade, da Secretaría Xeral para o Deporte, a través da seguinte actuación:

NOME DA ENTIDADE

ESPECIALIDADE DEPORTIVA

DATA DA ACTIVIDADE

CURSO E NÚMERO DE ALUMNOS/AS A QUE FOI DIRIXIDA

**MEMBROS DA ENTIDADE QUE DESENVOLVERON A ACTIVIDADE**

NOME E APELIDOS	CARGO/FUNCIÓN NA ENTIDADE

**BREVE DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE DESENVOLVIDA****SINATURA DA PERSOA SECRETARIA DO CENTRO**

Lugar e data

de

de



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO VII

**CERTIFICADO ACREDITATIVO DA LOCALIZACIÓN DA SEDE SOCIAL DA ENTIDADE****DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE****IDENTIFICACIÓN**TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR RAZÓN SOCIAL **E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)****IDENTIFICACIÓN**TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR NOME/RAZÓN SOCIAL  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO CARGO/MNCULACIÓN COA ENTIDADE **CERTIFICA:**

Que a sede social da entidade a que represento:

- Non está situada nunha instalación ou edificio de titularidade pública.
- Está situada nunha instalación ou edificio de titularidade pública, pero devenga un canon ou prestación económica pola súa ocupación.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**Lugar e data  ,  de  de 

**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO VIII

**SOLICITUDE DO ABOAMENTO RESTANTE DA AXUDA CONCEDIDA**PR945C - SUBVENCIÓNS A CLUBS, SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS, SECCIÓNS DEPORTIVAS E NÚCLEOS DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO  
PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE****IDENTIFICACIÓN**

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

RAZÓN SOCIAL

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)****IDENTIFICACIÓN**

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

CARGO/VINCULACIÓN COA ENTIDADE

SOLICITA o aboamento do importe restante da subvención concedida pola Secretaría Xeral para o Deporte con cargo á subvención a clubs, sociedades anónimas deportivas, seccións deportivas e núcleos de adestramento deportivo especializados:

Liña I:

-Subvención concedida:

-Anticipo percibido ou para percibir:

-Importe restante:

Liña II:

-Subvención concedida:

-Anticipo percibido ou para percibir:

-Importe restante:

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

-Que os datos que constan nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

-Que no referente a débedas da entidade coas administracións públicas a entidade que represento está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

-Que no referente a outros ingresos ou subvencións que financien as actuacións, como:

- club deportivo  
 sociedade anónima deportiva  
 sección deportiva  
 núcleo de adestramento deportivo especializado,

o importe da subvención concedida pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, xunto coas posibles subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, non supera os gastos ocasionados con motivo da participación dos seus equipos e deportistas nas competicións deportivas oficiais de ámbito autonómico, estatal ou internacional



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTESANEXO VIII  
(continuación)**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Declaración doutras axudas (anexo IX).
- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención (anexo X).
- Relación clasificada dos gastos efectuados e pagados (anexo XI).
- No caso da liña II, solicitude de tres ofertas, no caso da contratación de servizos e subministracións por valor superior a 14.999 €.

**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,

de

de

Departamento Territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes



**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO IX

**DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS**

PR945C - SUBVENCIÓNS A CLUBS, SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS, SECCIÓNS DEPORTIVAS E NÚCLEOS DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE****IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PÁIS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RAZÓN SOCIAL		
<input type="text"/>		

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)****IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PÁIS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARGO/VINCULACIÓN COA ENTIDADE		
<input type="text"/>		

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación a outras axudas concedidas ou solicitadas por gastos efectuados e pagados en 2024 (liña I), ou parcial 2024/2025 (liña II) con motivo das actividades deportivas desenvolvidas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. Que, en relación con calquera axuda *de minimis* (sociedades anónimas deportivas) referidas aos tres anos previos:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.



**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,

de

de

Departamento Territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes





**XUNTA  
DE GALICIA**CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES

ANEXO X

**MEMORIA DE ACTIVIDADES**

PR945C - SUBVENCIÓNS A CLUBS, SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS, SECCIÓNS DEPORTIVAS E NÚCLEOS DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE****IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RAZÓN SOCIAL		
<input type="text"/>		

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)**IDENTIFICACIÓN**

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CARGO/VINCULACIÓN COA ENTIDADE		
<input type="text"/>		

**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:**

Que a entidade que represento realizou as seguintes actuacións en 2024 (líña I) ou no período subvencionado 2024/2025 (líña II):

Licenzas tramitadas por categoría e xénero (e por especialidade no caso de que a entidade teña máis de unha).



**A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA: (continuación)**

Competicións en que participou e resultados máis destacados.

Adestradores da entidade, titulación e principais funcións.

CVE-DOG: 5qwucke3-5rq5-zuv9-uqe1-cmxtidbv7y2e4



**SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE**

Lugar e data

,

de

de

Departamento Territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes





ANEXO XI

RELACIÓN CLASIFICADAS DOS GASTOS (liña I: ano 2024; liña II: do 1.12.2024 ao 30.11.2035)

PR945C - SUBVENCIÓNS A CLUBS, SOCIEDADES ANÓNIMAS DEPORTIVAS, SECCIÓNS DEPORTIVAS E NÚCLEOS DE ADESTRAMENTO DEPORTIVO ESPECIALIZADO PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
RAZÓN SOCIAL		
<input type="text"/>		

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)		
<input type="text"/>		



CVE-DOG: 5qwucke3-5rq5-zuv9-uqe1-cmxtdbv7y2e4

ANEXO XI  
(continuación)

Nº	Nº DE REFERENCIA DO DOCUMENTO	CONCEPTO	DATA DE EMISIÓN DA FACTURA	DATA DE PAGAMENTO	ACREDOR/A	NIF	IMPORTE (€)
TOTAL							0,00





ANEXO XI  
(continuación)



SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de

Departamento Territorial da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

